



RECOMENDACIÓN

Ao CHEGAR A CASA

1. Deixar os zapatos e os obxectos que non necesiten (mochila, bolsa deportes ...) nunha caixa de cartón na entrada.
2. Ir directamente a lavarse as mans e pulsos con auga e xabón sen tocar ningunha superficie da casa. Evitar pulseiras, reloxos ou accesorios que dificulten a hixiene. Se é posible ducharse.
3. Cambiar a roupa para estar na casa.
Limpar os obxectos que usarán no colexio (gafas, estoxo, xoguete, botella reutilizable ...), usar panos desbotables e alcohol 70%, auga e xabón ou lixivia diluída en auga (20cc por litro de auga).
4. Lavar cada día a roupa que leve posta ao colexio (recomendable a 60 grados nun ciclo nunca menor a 30 minutos), de non ser posible aireala. Nunca sacudila.
Os abrigos, plumas, etc. deixaranse nunha zona destinada para eles pola dificultade de lavalos e secalos a diario.

BIBLIOGRAFÍA

Guía de recomendaciones para el reinicio de las clases en los centros educativos (COVID-19). Asociación Catalana de Enfermería y Salud Escolar (ACISE) y Asociación Científica Española de Enfermería y Salud Escolar (ACEESE)

Xunta de Galicia:
www.coronavirus.sergas.gal

Ministerio de sanidad:
www.msbs.gob.es

Consejo General de Enfermería:
www.consejogeneralenfermeria.es



IMAXES

Plan estratéxico de enfermería escolar para la prevención covid-19 en los centros educativos. Asociación Nacional e Internacional de Enfermería Escolar (AMECE)

Imaxes libres de dereitos de autor. Feitas por: Gabriele Lässer, Analise Batista, Mateusz Zdrzatek, Johngelling, Cromaconceptovisual, Congerdesign, Leo Fontes, Francis Ray, DoomSlayer, RMerrill, Niran Kasri, Neo tam, Leo Fontes, OpenClipart-Vectors, Clker-Free-Vector-Images, OpenIcons en Pixabay.



para unha volta
SEGURA
Ao COLEXIO



As familias xogan un papel esencial.

Deben comprometerse a non enviar ao colexio a ningún neno con febre, tose ou síntomas respiratorios, aínda que sexan leves.



Ter o teléfono sempre a man por si xurde calquera imprevisto.





1. **AÍNDA QUE SEXA LEVE** non ir ao colexio e contactar inmediatamente co centro de saúde de referencia. Para a xustificación da ausencia, non é necesario xustificante médico, abonda coa notificación dos pais ou titores legais.

Ollo { Controlar a temperatura do neno. En caso de **febre (máis de 37,5°C)** deberá permanecer na casa e vixiar a súa evolución. Non centrarse na febre como síntoma único, xa que en nenos ás veces non aparece.
Outros síntomas: tose seca, cansazo, dor muscular, dificultade para respirar, falta de gusto ou cheiro, vómitos o diarrea, lesiones cutáneas descoñecidas.

2. Se o neno mantivo contacto **cunha persoa afectada de COVID-19**, dentro ou fora do núcleo familiar, non pode acudir ao centro. Se é sospeitoso non acudirá ate que se coñeza o resultado negativo da mesma.

3. **O neno alérxico**, que teña medicación pautada, non debe esquecer tomala durante o período de maior índice polínico e debe evitar tocar os ollos e o nariz máis do necesario.


4. Levar roupa, zapatos, para usar exclusivamente no colexio. Levar unha **botella reutilizable** (marcada co nome e apelidos) para evitar o uso de billas ou fontes.

5. É obrigatorio o **uso de máscara a partir dos 6 anos, recomendable dos 3-6** (salvo excepcións previstas), así como levar un **recambio e un estoxo específico** (por exemplo unha bolsiña de tea) para calquera inconveniente.

6. Uso de **calzetíns antiescorregadizos** se as condicións o permiten, ou **calzado exclusivo** para dentro do centro e o patio..

7. O material facilitado polas familias deberá ser **desinfectado antes de gardarlo** (envases de toallíñas, cueiros ...) Outras pertenzas como calzado, gorras, obxectos de apegos, etc, serán entregadas debidamente marcadas, lavadas e cerradas en bolsas plásticas evitando que saian do centro.

8. Se é posible, **a mesma persoa** acompañará ao neno na entrada e saída do centro. 9. Antes de entrar limpar as mans con **solución hidroalcohólica**.



ACCESO AO COLEXIO



Ten sentidiño e garda a distancia!

A
B
C
D

Cumprir os horarios e as normas do centro para o acceso e recollida do neno e explicarllo a el. Desinfectar calzado e maos antes de entrar.

Non acudir con carros ao interior do colexio.

Evitar permanecer en grupos con outros pais e alumnos, aínda que se leve máscara de protección.

En caso de aparecer síntomas durante a xornada escolar avisarase aos pais que deberán recoller coa maior brevidade posible ao alumno, tomar as precaucións oportunas e chamar ao seu centro de saúde.

10. Desprazamentos seguros:
Transporte individual: (camiñando, bicicleta, moto): priorizar o tipo de mobilidade que garanta a distancia de seguridade de 2 metros.

Turismo (taxi): extremar as medidas de limpeza do vehículo antes e despois do seu uso. Ao baixar do automóbil limpar as mans con hidroxel.

Transporte público e/ou escolar: antes e despois de subir hixiene de mans con hidroxel. Gardar distancia de seguridade, usar máscara hixiénica. Procurar o uso do mesmo asento.

